

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E A FUNDACIÓN PROFESOR NOVOA SANTOS (FPNS) PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA PARA O IMPULSO DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA INVESTIGACIÓN TRASLACIONAL DE EXCELENCIA EN SAÚDE DE GALICIA (Programa InTrES)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou o 05.07.2022 o convenio arriba referido coa Fundación Profesor Novoa Santos (FPNS). O prazo de vixencia deste Convenio vai dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a realización dun conxunto de actividades dirixidas a impulsar o fomento da investigación traslacional no eido do Programa InTrES que permitan implantar un núcleo de excelencia que promova a colaboración e o intercambio de coñecemento así como o desenvolvemento e a innovación tecnolóxica necesarios para incrementar a competitividade e a mellora da saúde da cidadanía, propiciando para elo a colaboración entre os axentes implicados en actividades de I+D+i de saúde e que sexan xestionadas pola FPNS para o período 2022-2024.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o convenio fundaméntase no seguinte:

1. Que a Fundación Profesor Novoa Santos, con domicilio no Hospital Materno Infantil Teresa Herrera en A Coruña, ten o obxecto de impulsar a investigación, a docencia, a formación, o desenvolvemento científico-tecnolóxico e a innovación no ámbito sanitario e en Ciencias da Saúde, así como a realización doutras actividades que poidan contribuír á consecución do obxecto fundacional, caracterizado polo interese xeral galego.
2. Que a FPNS é unha Fundación de interese galego de conformidade coa Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro, modificada pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico; e réxese ademais polo Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego e polo Decreto 15/2009, de 21 de xaneiro polo que se aproba o regulamento do Rexistro de fundacións de interese galego; e que ten por obxecto impulsar a investigación, a docencia, o desenvolvemento científico -tecnolóxico e a innovación no ámbito sanitario e en Ciencias da

Saúde, así como a realización de outras actividades que poidan contribuír á consecución do obxecto fundacional, caracterizado polo interese xeral galego. Con ese propósito, a Fundación serve de apoio, asesoramento e xestión aos profesionais e investigadores, nos centros do Sistema Público de Saúde de Galicia e contribúe eficazmente á consecución dos obxectivos fundacionais, recabando o apoio das entidades públicas e privadas para os seus fins, realizando labores de difusión e divulgación da actividade investigadora dos centros de investigación de Galicia, aumentando progresivamente de este modo a súa capacidade para competir e a calidade da súa produción científica.

3. Que a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), creada polo Decreto 112/2015, adscrita á Consellería de Sanidade a través do Servizo Galego de Saúde e encadrada nas entidades públicas instrumentais reguladas no Título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, ten entre os seus obxectivos estratéxicos a creación e desenvolvemento de mecanismos e instrumentos que faciliten a innovación mediante a consolidación de estruturas horizontais de apoio aos axentes involucrados na I+D+i sanitaria, de xeito que as actividades científicas xeren resultados de valor engadido que poidan ser transferidos ao sector produtivo e, por tanto, á sociedade no seu conxunto.
4. A Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia, establece no artigo 131 que a Administración sanitaria promoverá a investigación biosanitaria, especialmente na súa vertente traslacional, como un instrumento para a mellora da saúde da poboación tendo en conta as prioridades marcadas nos plan de investigación e innovación vixentes en cada momento.

Tódolos centros e servizos sanitarios estarán en disposición de favorecer e desenvolver a investigación, e promoverán a cultura científica, tecnolóxica e de innovación. A Administración sanitaria tamén promoverá a valorización, a protección e a transferencia do amplo coñecemento xerado polo seu persoal e/ou nos seus centros co obxecto de que os resultados da investigación sexan transferidos á sociedade, así como un modelo de innovación aberta orientado a impulsar a creatividade, a cooperación e a aplicación no sistema sanitario dos cambios que acheguen valor a pacientes e profesionais.

5. A finalidade deste convenio de colaboración é a articulación dunha axuda de conexión directa para a realización de actuacións dirixidas a impulsar actividades recompiladas no ámbito do Programa InTrES para fomentar a colaboración e o intercambio de coñecemento entre os axentes implicados en actividades da I+D+i do sistema de saúde de Galicia así como o desenvolvemento e a innovación tecnolóxica necesarios para incrementar a competitividade do sector biosanitario e a mellora da saúde da poboación galega, e que sexan xestionadas pola FBGS para o período 2021-2023.
6. O Convenio de colaboración para o desenvolvemento do Programa InTrES é un instrumento eficaz de financiamento para a promoción da I+D+i de excelencia nas institucións sanitarias de



Galicia. O Programa InTrES ten como finalidade acadar unha investigación científica traslacional de excelencia, xunto co desenvolvemento e a innovación tecnolóxica.

7. Dada a especificidade do obxecto do convenio de colaboración, non procede a realización dunha convocatoria pública para o desenvolvemento das actuacións do mesmo, debido as especiais características e singularidade da FPNS como centro de referencia no ámbito sanitario e en Ciencias da Saúde no seu ámbito territorial.
8. A Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde financiará as actuacións obxecto do mesmo coa cantidade de cento setenta e tres mil oitocentos setenta e tres euros (173.873,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 12.A1.561C.481.0 dos orzamentos de gasto da Comunidade Autónoma de Galicia para as anualidades 2021-2022-2023.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

